

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. O artigo 38 da Lei 14/1986 do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece que é competencia exclusiva do Estado:**

- A) A elaboración de informes sobre saúde pública.
- B) O control sanitario do medio ambiente.
- C) A autorización de centros e establecementos sanitarios.
- D) A sanidade exterior.

**2. Cal das seguintes medidas de fomento das condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega non se contempla expresamente no título II, capítulo I do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade?**

- A) A promoción do exercicio dos dereitos de conciliación
- B) O control das ofertas de emprego.
- C) A composición paritaria dos tribunais examinadores.
- D) A provisión de postos de carácter directivo.

**3. O artigo 68 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde dispón que a suspensión de funcións firme por sanción disciplinaria:**

- A) Non poderá exceder de seis anos.
- B) Non poderá exceder de cinco anos.
- C) Determinará a perda do posto de traballo cando exceda de tres meses.
- D) Impoñerase soamente en virtude de sentenza ditada en causa criminal.

**4. De acordo co artigo 28 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, para o persoal en activo ou con reserva de praza será requisito para ser admitido no concurso de traslados, ter tomado posesión na praza desempeñada cunha antelación de:**

- A) Dous anos, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- B) Dous anos, como mínimo, á data de publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
- C) Un ano, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- D) Un ano, como mínimo, á data de publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

**5. O artigo 9 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, establece que os requisitos de participación nos procesos de selección de persoal estatutario fixo deberán cumprirse:**

- A) Na data en que finalice o prazo de presentación de instancias.
- B) Na data de publicación da convocatoria.
- C) Na data de toma de posesión.
- D) Na data que se estableza, unha vez superada a fase de oposición.

**6. O artigo 42 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde establece que as retribucións básicas son:**

- A) O soldo, os trienios e o complemento de destino.
- B) O soldo e o complemento específico.
- C) O soldo, os trienios e o complemento específico.
- D) O soldo, os trienios e as pagas extraordinarias.

**7. O artigo 1º da Constitución Española de 1978 establece que a forma política do Estado Español é:**

- A) A monarquía constitucional.
- B) A democracia parlamentaria.
- C) O estado das autonomías.
- D) A monarquía parlamentaria.

**8. O artigo 32 da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, indica que conforman o Sistema público de saúde de Galicia os seguintes principios:**

- A) A universalidade do dereito aos servizos e prestacións de cobertura pública.
- B) A concepción integral da saúde.
- C) A promoción do uso racional do Sistema público de saúde de Galicia.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**9. O artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, dispón que o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderán fundarse no seu consentimento:**

- A) Cando sexa maior de catorce anos.
- B) En ningún caso poderá fundarse no seu consentimento.
- C) Soamente cando sexa maior de 16 anos.
- D) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

**10. Segundo o artigo 10 do Estatuto de Autonomía para Galicia, son funcións do Parlamento de Galicia:**

- A) Coordinar a acción da Xunta de Galicia.
- B) Controlar a acción executiva da Xunta de Galicia.
- C) Elaborar os orzamentos da Comunidade Autónoma.
- D) Nomear e cesar aos altos cargos da Administración pública autonómica.

#### Preguntas de reserva

**1. Cal dos seguintes dereitos non está recollido na sección 1ª do capítulo II do título I (dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas) da Constitución Española de 1978?**

- A) O dereito á vida e a integridade física e moral.
- B) O dereito ao traballo.
- C) O dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional.
- D) O dereito á reunión pacífica e sen armas.

**2. O artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece que cando a adaptación das condicións de traballo non resulte posible ou, a pesar de tal adaptación, as condicións dun posto de traballo puideran influír negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto, e así o certifique o médico que no réxime da Seguridade Social ou no seu caso da Mutua, que asista á traballadora:**

- A) Suspenderase o contrato de traballo.
- B) A traballadora pasará á situación de servizos especiais.
- C) A traballadora deberá desempeñar un posto de traballo ou función diferente e compatible co seu estado.
- D) A traballadora pasará directamente á situación de incapacidade temporal.